# DÍA ESCOLAR DA PAZ E A NON VIOLENCIA

## 30 DE XANEIRO



*Éxodo*

*"Non hai camiño para a paz, a paz é o camiño."*

Mahatma Gandhi

# Para comezar...

Para comezar...




*Biografía*

Ralph Ueltzhoeffer

O primeiro principio da **acción *non violenta* consiste en non cooperar con calquera cousa que sexa humillante**. Os responsables da nosa suxeición non son tantos os fusís británicos como a nosa colaboración voluntaria. Unha revolución non violenta non é un programa para a toma do poder. É un programa para a **transformación das relacións**, de xeito tal que se desemboca nunha transferencia pacífica do poder. Os homes atópanse ante unha encrucillada: teñen que elixir entre a lei da xungla e a lei da humanidade. **A *non violencia* é a forza máis grande que a humanidade ten ao seu alcance**. É máis poderosa que a arma máis destrutiva inventada polo home. A destrución non corresponde en nada á lei dos homes. Vivir libre é estar disposto a morrer, se é preciso, a mans do próximo, pero nunca a darlle a morte. Sexa cal for o motivo, todo homicidio e todo atentado contra a persoa é un crime contra a humanidade. Sei que o progreso da non violencia é aparentemente un progreso moi lento. Pero a experiencia ensinoume que é o camiño máis acertado para unha meta común. É inxusto toda orde económica que ignore ou que desprece os valores morais. O feito de estender a lei da non violencia ao terreo da economía significa nada menos que considerar os valores morais na fixación das regras do comercio internacional. **Adoptar o principio da *non violencia* obriga a separarse de toda forma de explotación**. Non hai ningunha valentía maior que a de negarse ata a fin a dobrar o xeonllo ante un poder terreal, sexa cal for a súa grandeza, facéndoo sen agresividade algunha, coa fe certa en que é o espírito - e só el - o que vive... **A humanidade non pode librarse da violencia máis que por medio da non violencia**. Só o amor é capaz de vencer o odio. Responder ao odio co odio equivale a agravar máis aínda os seus efectos. Diariamente pagamos un prezo moi elevado polo erro inconsciente que cometemos ao confundir a resistencia pasiva coa non violencia. A non violencia é a lei da nosa especie, pola mesma razón que a violencia é a lei dos brutos. No home brutal aínda non lle espertou o espírito: non coñece máis lei que a forza física. A dignidade humana esixe que o home se refira a unha lei superior que faga vibrar a forza do espírito. Non se pode ser xenuinamente non violento e permanecer pasivo ante as inxustizas sociais.

Gandhi - *Reflexións sobre a Non violencia*



dia_paz_sonia2.indd 4 10/05/11 12:26

## CUESTIÓNS

Gandhi di:

*"O feito de estender a* ***lei da non violencia*** *ao terreo da* ***economía*** *significa nada menos que considerar os* ***valores morais*** *na fixación das regras do comercio internacional".*

No ano 1999 podíamos ler na prensa:



OPINION
Sábado, 18 de diciembre de 1999

EL MUNDO PERIODICO

IMPRESIONES

**Etica en el comercio de armas**

España vende armas a 17 países que no cumplen los requisitos establecidos en el Código de Conducta de la Unión Europea, firmado en mayo de 1998 por los Quince para restringir la venta de armamento a países en los que existen conflictos armados o donde se violan sistemáticamente los derechos humanos. Además aunque oficialmente se reconocen ventas por valor de 15.000 millones de pesetas, en 1999 se han gastado 20.000 millones. Así se refleja en un informe realizado por la Universidad Autónoma de Barcelona para Amnistía Internacional, Greenpeace e Intermon. Con frecuencia los países desarrollados no pueden, o no tienen interés, en resolver ciertos conflictos o en promover el respeto de los derechos humanos. Pero lo mínimo que se les exige es que no contribuyan a alimentar las guerras o la represión sobre la población civil. La ética debe estar presente en cualquier intercambio comercial que tenga las armas como objeto.



*Esplendor en la hierba* - Cantabella

Os países membros da Unión Europea aumentaron, as leis cambiaron..., e aínda que a Constitución Española segue proclamando que "hai que promover as relacións pacíficas entre os pobos" hai un conglomerado industrial español dedicado á fabricación, venda e exportación de armas.

- Cres que España considera os **valores morais nas regras do comercio internacional** e loita polas **relacións pacíficas entre os pobos?**
- Pode a **opinión pública** favorecer un **cambio de actitude** nas entidades que financian o comercio e fabricación de armas?



dia_paz_sonia2.indd 5 10/05/11 12:26

## 30 DE XANEIRO, Día da non-violencia e a paz

Cada ano o día 30 de xaneiro celébrase o Día Escolar da Non violencia e a Paz (DENIP) en conmemoración do día da morte de Mahatma Gandhi, o home que coa súa loita pacífica e as súas accións de non-violencia, conseguiu que a independencia da India, o seu país natal, se fixese realidade. Tamén se conmemora a morte doutro pacifista, Martin Luther King, que foi asasinado do mesmo xeito que Gandhi, do que aprendera que a resistencia pacífica é a arma máis potente en mans das persoas oprimidas que loitan pola súa liberdade. Ese día lémbranse así mesmo a outros e outras pacifistas testemuñas da non-violencia. A conmemoración deste día xorde dunha iniciativa independente do profesor español Llorenç Vidal.

## La 2 Noticias [La 2N]

***Tengo una pregunta para usted***



http://www.youtube.com/watch?v=DISb10JSw2s

Mara Torres en *La 2N,* comenta o sucedido no programa *Tengo una pregunta para usted* emitido por TVE 1 onde un espectador lle pregunta a Zapatero sobre a venda de armas a Israel.

## CUESTIÓNS

- Que opinas sobre o feito de que existan programas como *La 2 Noticias* que se apartan dos formatos clásicos dos programas informativos, reducindo ao máximo a información política, e incrementando, pola contra, outras noticias de interese humano, social, ecolóxico, etc.?
- Ver o vídeo con detemento é recoller información sobre:
  - A opinión do presidente do goberno é compartida pola maioría da sociedade?
  - Que opina Mónica Costa, responsable da Campaña sobre Armas de Amnistía Internacional?
  - Que di a Lei de Control de Defensa de 2007?
  - Que vendemos no 2008 a Israel? A que outros países lle vendemos armamento? En que lugar se atopa España como país subministrador de armas?
  - O goberno promoveu a Lei do Comercio de Armas. Existe coherencia entre o que promove e o que fai? Cantos millóns de euros move España ao ano no gran bazar da guerra?
  - A Ministra de Defensa Carmen Chacón en xullo de 2008 conseguiu que se deixasen de fabricar as *bombas de acio,* consideras que este logro supón un avance importante cara á pacificación da sociedade?



dia_paz_sonia2.indd 6 10/05/11 12:26

DEBATE

"**A guerra é o fracaso do home**. Mostra que a xente non pode encontrar unha linguaxe de entendemento e de comprensión. A guerra é a última fase do fracaso na comunicación humana."

Ryszard Kapuscinsk

## De la Vega defiende el papel de las mujeres como punta de lanza en la lucha por la paz

6/11/2008 - 15:20

"La única revolución triunfante y que sigue progresando ha sido la pacífica revolución de las mujeres", según De la Vega, que se ha referido a la adopción en los últimos años de disposiciones internacionales que buscan fomentar la participación de la población femenina en la pacificación y reconstrucción de sus comunidades.

Aunque la resolución 1.325 de la ONU marcó un "hito fundamental" y fue adoptada por unanimidad, hasta la fecha sólo una decena de países, España entre ellos, ha aprobado, como aconseja la resolución, un plan de acción sobre mujeres, paz y seguridad, según la vicepresidenta primera del Gobierno, para quien "es mucho" lo que queda por recorrer "para pasar de la letra a la realidad".

Para De la Vega, que ha apelado a la unidad de las mujeres para ser oídas, "la apertura al mundo, el estrechamiento de lazos y la cooperación internacional" es la "única esperanza" para afrontar los retos actuales.

Es hora, ha dicho, de que las mujeres "salgan de su invisibilidad" y de aprovechar su capacidad en beneficio de la paz.

## La ONU insta a dar un mayor papel a la mujer en la resolución de conflictos

5/10/2009 - 21:12

Naciones Unidas, 5 oct (EFE).- El Consejo de Seguridad de la ONU adoptó hoy una resolución en la que insta a proporcionar a la mujer un mayor papel en los resolución de conflictos armados, los procesos de paz y la reconstrucción de sociedades traumatizadas por la violencia.

Los quince miembros del máximo órgano respaldaron unánimemente el documento, al inicio de una reunión dedicada a analizar la situación de la mujer en relación con la paz y la seguridad.

La resolución condena todas las violaciones de los derechos de las mujeres y menores cometidas en situaciones de conflicto, exige que se pongan fin a estas prácticas y recuerda a los Estados la responsabilidad de combatir la impunidad.

Agrupar os argumentos que atopas nestes textos posicionándose a favor ou en contra destas dúas ideas:

- *A guerra é o fracaso do home.*
- A linguaxe do entendemento ten cara feminina.



dia_paz_sonia2.indd 7 10/05/11 12:26

## Vídeo: A nena da foto de Vietnan

http://www.youtube.com/watch?v=g9G5wldC0es



O 8 de xuño de 1972, un avión norteamericano bombardeou con napalm a poboación de Trang Bang. Alí atopábase **Kim Phuc** coa súa familia. Coa súa roupa en chamas, a nena de nove anos correu fóra da poboación. Nese momento, cando as súas roupas xa foran consumidas, o fotógrafo Nic Ut tomou a famosa imaxe. Logo, Nic Ut levaríaa ao hospital. Permaneceu alí durante 14 meses, e foi sometida a 17 operacións de enxertos de pel. Calquera que vexa esa fotografía pode ver a profundidade do sufrimento, a desesperanza, a dor humana da guerra, especialmente para os nenos e nenas. A imaxe de Nic Ut reflectiu o horror da guerra de Vietnam.

A famosa nena hoxe é embaixadora da Unesco e dirixe unha fundación de axuda á infancia.

A pesar do tempo transcorrido, aínda sofre fortes dores en todo o corpo. A fotografía dunha nena correndo espavorecida por unha estrada, espida e abrasada polo napalm foi a imaxe da guerra de Vietnam. É a que mellor reflectiu o impacto dos conflitos na infancia. Pasaron moitos anos e Kim Phuc, a famosa nena da foto, volveu lembrar ese horror, durante un acto de apoio á campaña 'Reescribamos o futuro' de *Save the Children*.

No 1996 a *Fundación para a Memoria dos Veteranos de Vietnam* convidouna a Washington e alí coñeceu a un dos pilotos que participaron no bombardeo de Trang Bang, a súa aldea. Kim Phuc perdoouno publicamente entre saloucos, converténdose no símbolo mundial da reconciliación. **"O perdón é máis poderoso que calquera arma do mundo ",** dixo.

No 1997 creou a *Fundación Kim Phuc*, que se dedica a axudar aos nenos e nenas vítimas da guerra e a violencia en países como Timor, Romanía ou Afganistán, e a defender a educación como a mellor ferramenta de futuro.



dia_paz_sonia2.indd 8 10/05/11 12:26

## Vídeo: Datos biográficos de Gandhi

A masacre dos zulús a mans do exército británico, e o pracer que sentían os soldados ao matalos fixo que Gandhi empezara a pensar na *"dominación"*. Repensouna a todos os niveis chegando a modificar o seu papel como marido celoso, cruel e dominante. A el casárono con 13 anos, foi un matrimonio concertado. A partir dos 37 anos decidiu vivir en castidade e empezou a loitar contra os matrimonios concertados.



## As vodas, un xogo de nenos na India rural

Centos de pequenos noivos e noivas que non erguen un metro do chan acoden cada ano aos templos da India para contraer matrimonio, unha tradición ilegal neste país coa que é moi difícil acabar. As cerimonias multiplícanse no mes de maio, sobre todo no medio rural, coa celebración do 'Akshaya Tritya' ou 'Akha Teej', nas que se considera que aseguran a boa sorte o matrimonio entre menores.

Os pequenos, moitos de só seis ou sete anos, convértense en protagonistas dunha cerimonia cuxo significado non acadan a comprender. Póñennos guapos: a elas píntanlles de 'henna' as mans e vístenas cun sari vermello, como manda a tradición, e a eles colócanlles un turbante, grilandas de flores e… Ao templo!

Na maioría dos casos, os menores regresan cos seus pais ao fogar, onde permanecerán ata que a noiva teña a primeira menstruación, arredor dos 11 anos, momento no que pasa a ser considerada muller e envíanna a vivir á casa do seu marido, outro pre adolescente sen madurez que deberá facerse cargo dunha esposa. Os efectos negativos do matrimonio infantil son múltiples. Este costume é prexudicial para a súa saúde, xa que as nenas sofren embarazos a idade moi temperá e estrés psicolóxico ao terse que facer cargo dun fogar.



dia_paz_sonia2.indd 9 10/05/11 12:26

Pero tamén lles rouba oportunidades de futuro e provoca problemas emocionais, perda temperá dos pais e abandono da escolarización.



Segundo un informe de UNICEF, os matrimonios infantís rexístranse sobre todo en poboacións rurais e entre traballadores e traballadoras agrícolas de caste baixa. Unha norma de 1929 prohibe estes matrimonios, pero ás familias que a infrinxen só se lles impón unha multa de 20 euros, que é moito tendo en conta que viven con menos dun euro ao día. Unha vez que o matrimonio infantil ten lugar, considérase válido, pero **como pode ser que algo que é ilegal se converta en legal polo mero feito de ocorrer?** O Parlamento indio trata de impoñer unha nova lei que aumentaría a multa ata uns 3.600 euros e ademais permitiría aos nenos e nenas obrigadas a casar antes da idade legal a acudir a un tribunal para cancelar o enlace. Pero a cuestión non é ter a posibilidade de que *un xuíz* anule o matrimonio, o problema é que non debería facer falta anular un acto ilegal, senón consideralo nulo desde o principio.

Moitas familias fano para protexer aos seus fillos, sobre todo ás nenas, pois consideran que hai **homes poderosos** na comunidade que as agredirán e abusarán delas se non as casan. Pero tamén existen outros motivos: abaratar o custo dunha voda ao casar a varias irmás a un tempo, o medo a non conseguir marido para as fillas se se espera a que medren, a presión social, a ignorancia e a pobreza. Os pais e as nais non saben o que un matrimonio infantil provoca na mente e o corpo dos nenos e nenas, así que unha das nosas tarefas máis importante é educar. Tamén se está pedindo que sexa obrigatorio rexistrar os matrimonios en todo o país.

Aínda así a loita contra a tradición é moi difícil nunha India que se aferra ás súas raíces. A miúdo profesionais do traballo social son agredidos ao tratar de impedir os matrimonios entre menores e a policía non dá abasto para frear as cerimonias, que seguen estando á orde do día e teñen na aceptación social unha garantía de continuidade.

*"Las bodas, un juego de niños en la India rural"*
Ana Cárdenas
elmundo.es



dia_paz_sonia2.indd 10 10/05/11 12:26




## ME LLAMO NOYUD, TENGO 10 AÑOS Y ESTOY DIVORCIADA

Nojoud Ali
coa colaboración de: Delphine Minoui
Tradución de:
María Pilar Queralt del Hierro
MR Barcelona. 2009
160 páxinas.

*"Chámome Nojoud e son unha aldeá iemení. Teño dez anos ou iso creo. No meu país os nenos e as nenas campesiños carecen de documentos xa que non se rexistran ao nacer. Casada á forza polos meus pais cun home que me levaba trinta anos, sufrín abusos sexuais e pegáronme. Unha mañá, cando saín a comprar o pan, subinme a un autobús e refuxieime nun tribunal ata que un xuíz me quixo escoitar…"*

### LECTURA

Organizar un Obradoiro Literario en torno a libros ou textos que falen de **mulleres e paz.**

Sería interesante visitar algunha institución ou organismo político-social con material arquivado e catalogado sobre mulleres que están a construír a paz no mundo. Pódese visitar o Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo: www.igualdadevigo.org/centrodedocumentacion

Construído en primeira persoa, o relato revela unha das maiores lacras que acompañan ás sociedades patriarcais e subdesenvolvidas: **os matrimonios de nenas con homes adultos**. Vodas como a de Nojoud son **moeda corrente nas zonas rurais** de Iemen, Arabia Saudita, Afganistán, Paquistán, India, Bangladesh, Exipto ou Irán entre outros países. Os responsables desta atrocidade **non só rouban a súa infancia a miles de nenas cada ano, senón que son ademais a principal causa da súa falta de acceso á educación**. En Iemen, onde unha cuarta parte das mozas están casadas antes de cumprir 15 anos, o 70% das mulleres son analfabetas. **O extraordinario do caso de Nojoud é que tivo o valor de rebelarse contra as violacións e malleiras diarias** que sufriu durante case dous meses. Aproveitou unha visita a casa dos seus pais en Sanaá, a capital iemení, para acudir aos tribunais e pedir axuda a un xuíz. A noticia deu a volta ao mundo, o que sen dúbida contribuíu polo de agora ao seu final feliz.

Minoui pon a súa sensibilidade de xornalista ao servizo da pequena iemení e dálle voz para que sexa ela quen conte a súa traxedia [...] "Contar a súa historia a través dos seus ollos foi a maior dificultade deste libro " [...] Para logralo, pasou "moito tempo no tribunal, de crequenas no chan, co fin de vivir e sentir as cousas á súa altura… comprender a súa angustia, e tamén captar mellor a súa coraxe" [...] "Cando estaba con ela, adaptábame ao seu programa de nena: xogabamos no parque, faciamos debuxos, sentabámonos na casa coa familia, fomos xuntas á súa vila…, e entre as dúas faciamos as entrevistas", conta Minoui, que cedeu todos os dereitos de autora para financiar a educación de Nojoud. "Tamén volvín con ela a ver a todos os protagonistas da historia: a avogada Shada, os xuíces, a segunda esposa do seu pai, o xornalista Hamed do *Iemen Times* que revelou a súa historia".

Ángeles Espinosa
Babelia/ElPais



dia_paz_sonia2.indd 11 10/05/11 12:26

## Video: *Planeta Mujer**

http://www.youtube.com/watch?v=pYA1-1rZFZk

Pequena mostra do proxecto *Planeta Muller,* unha longametraxe documental que pretende sensibilizar a un amplo número de espectadores e espectadoras mediante o desenvolvemento do seu contido en múltiples plataformas expositivas.




### CUESTIÓNS

- Cantos obxectivos se expoñen no documento? Indica os temas que abordan.
- Cando se estima que se poderán conseguir? Cres que será posible?
- Sinala as causas que favorecen os logros dos obxectivos presentados, así como as que os prexudican.

* Fe de erratas: No 1º obxectivo aparece "herradicar" no vídeo orixinal cando debería aparecer erradicar



dia_paz_sonia2.indd 12 10/05/11 12:26

# Para saber algo máis...

Para saber algo máis...



Banksy



dia_paz_sonia2.indd 13 10/05/11 12:26

# Desarmar a razón armada



Rebelión

Portada :: Palestina y Oriente Próximo

Dicen que deben morir siempre "que haya evidencia de que al crecer nos dañarán"

**Un libro de rabinos justifica el asesinato de niños**

*Ánxela Iglesias*
La Voz de Galicia

«Hay razones para matar a los niños si existe la evidencia de que, al crecer, nos dañarán; en ese caso los ataques deben ir directamente contra ellos y no contra los adultos». Así lo aseguran dos rabinos judíos en un libro que ha causado gran revuelo dentro y fuera de las fronteras de Israel. Ambos religiosos consideran que el asesinato de los hijos del líder enemigo también está justificado en caso de que así se logre presionarlo.

Bajo el título **La Torá del Rey, leyes sobre la vida y la muerte entre los judíos y las naciones** , los rabinos Yitzhak Shapira y Yosef Elitzu ofrecen una fanática interpretación del concepto de «rodef», es decir, un perseguidor de acuerdo a la Halaja, la ley religiosa judía.

Dentro de este término se incluyen, según Shapira y Elitzu, enemigos gentiles de cualquier edad, incluidos los bebés, y otras personas no implicadas directamente en los enfrentamientos. Para ellos no existe la población civil y basta con intuir alguna intención malvada. Consideran recomendables los actos de venganza y defienden que un judío tome la justicia por su mano sin esperar órdenes.

Líderes religiosos condenan el erróneo entendimiento de las escrituras y algunos israelíes moderados hablan de «prostitución del judaísmo». Lamentan que Shapira y Elietzer tengan su público en escuelas talmúdicas radicales, que reciben financiación gubernamental, en los asentamientos judíos fundamentalistas de Cisjordania y entre grupos de soldados israelíes que cumplen servicio en los territorios palestinos. Son reclutas que incluso se niegan a seguir a sus mandos cuando se trata de desalojar a colonos, como ha quedado en evidencia recientemente una vez más.

El contenido del libro se da a conocer cuando está a punto de cumplirse un año de la ofensiva en Gaza, en la que el Ejército traspasó muchas líneas rojas éticas, según organizaciones de derechos humanos y un informe de la ONU, y en la que el papel de los rabinos militares quedó seriamente en entredicho.

"Tras longas décadas o conflito entre Israel e Palestina non ten perspectivas de solución, a pesar dos intentos de diálogo e treguas que terminaron fracasando no tempo. O problema é que non queren chegar a unha solución do conflito. Os intereses económicos, políticos e militares de Israel e dos Estados Unidos descoñecen as reiteradas resolucións da ONU para por fin ao conflito e buscar unha saída política e que se aplique a resolución do ano 1948 sobre a constitución de dous Estados, o de Israel e Palestina. No tempo transcorrido constituíuse unicamente o Estado de Israel, país que en alianza cos Estados Unidos oponse polas armas á constitución do Estado Palestino, invadindo o seu territorio e asentando colonias xudías, expulsando e marxinando ao pobo palestino e utilizando métodos aberrantes como a tortura, o trato cruel e degradante e violando os dereitos humanos; erguendo un "muro infame" que divide aos pobos sometendo aos palestinos á marxinalidade, a pobreza e o terror [...] **Debemos reclamar ao pobo de Israel que suspenda inmediatamente a invasión á Franxa de Gaza; reclamar a Hamas a suspensión inmediata dos ataques con mísiles ás colonias israelís**[...] Israel esqueces a túa propia historia de sufrimento e resistencia? Esqueces o horror do Holocausto e a dor do teu pobo? Esqueces aos que deron a súa vida pola liberdade? Non fagas ao teu irmán o que fixeron contigo. **É urxente, "desarmar a razón armada"**, pero a razón non se desarma a ela mesma, nin con outra razón máis poderosa aínda [...] Xeracións de israelitas e palestinos naceron e formáronse en sociedades violentas, non saben da Paz e do diálogo entre os pobos, non queren aceptar a diversidade na unidade de doutras culturas e crenzas, e transformáronse en escravos da violencia. Necesitan liberarse de si mesmos [...] **Necesítase moita máis coraxe e decisión para construír a Paz que para continuar coa guerra,** que é un signo de debilidade e medo."

Adolfo Pérez Esquivel
Premio Nobel da Paz 1980



dia_paz_sonia2.indd 14 10/05/11 12:26

**POWER POINT:**

*Kotel* (Muro dos Lamentos)

*Middle East Peace Initiative*






## Banksy: arte urbano e denuncia social

**Banksy** é o pseudónimo dun popular artista do graffiti inglés nado
fotocopiadoras, viuse implicado no graffiti durante o *boom* do aer
gran maioría pezas satíricas sobre política, cultura pop, moralidade
de stencils moi distintiva similar a *Blek le Rat*, quen empezou a trab
ronse populares ao ser visibles en varias cidades do mundo, especia




Banksy: Graffiti no muro de Belén

**La fuerza del arte callejero:** www.elpais.com/articulo/portada/fuerza/arte/callejero/elpepusoceps/20101017elpepspor_10/Tes

## INVESTIGAR

- Busca na Internet outras obras de Banksy que te chamen a atención e comenta que problemas denuncian.
- Fai unha relación de medios de información alternativos que atopes na rede que promovan a paz. Podes encabezar o listado co que aparece nesta unidade: *Rebelion.org*



dia_paz_sonia2.indd 15 10/05/11 12:26

## Muros



http://elproyectomatriz.files.wordpress.com/2008/07/television.jpg

Eduardo Galeano, 2003

O Muro de Berlín era a noticia de cada día. Da mañá á noite liamos, viamos, escoitabamos: o Muro da Vergoña, o Muro da Infamia, a Cortina de Ferro... Por fin, ese muro, que merecía caer, caeu. Pero outros muros agromaron, seguen agromando, no mundo, e aínda que son moito máis grandes có de Berlín, deles se fala pouco ou nada. Pouco se fala do **muro que os Estados Unidos están a levantar na fronteira mexicana**, e pouco se fala dos **aramados de Ceuta e Melilla**. Case nada se fala do **Muro de Cisxordania**, que perpetúa a ocupación israelí de terras palestinas e de aquí a pouco será quince veces máis longo có Muro de Berlín. E nada, nada de nada, se fala do **Muro de Marrocos**, que desde fai vinte anos perpetúa a ocupación marroquí do Sahara occidental. Este muro, minado de punta a punta e de punta a punta vixiado por miles de soldados, mide sesenta veces máis có Muro de Berlín.

**Por que será que hai muros tan altisonantes e muros tan mudos?**

**Será polos muros da incomunicación, que os grandes medios de comunicación constrúen cada día**?





dia_paz_sonia2.indd 16 10/05/11 12:26

**En xullo do 2004, o Tribunal Internacional de Xustiza de A Haia sentenciou que o Muro de Cisxordania violaba o dereito internacional e mandou que se derrubase. Ata agora, Israel parece non darse conta da resolución**. En outubro de 1975, o mesmo tribunal ditaminou: «Non se establece a existencia de vínculo ningún de soberanía entre o Sahara Occidental e Marrocos». Quedámonos curtos se dicimos que Marrocos se fixo o xordo. Foi peor: ao día seguinte desta resolución, desatou a invasión, a chamada Marcha Verde, e pouco despois apoderouse a sangue e lume desas vastas terras alleas e expulsou á maioría da poboación.

E aí segue.

* * * * * * * * * * * * * * * * * * *

**Mil e unha resolucións das Nacións Unidas confirmaron o dereito á autodeterminación do pobo saharauí.**

De que serviron esas resolucións? Íase facer un plebiscito para que a poboación decidise o seu destino. Para asegurarse a vitoria, o monarca de Marrocos encheu de marroquís o territorio invadido. Pero ao pouco tempo, nin sequera os marroquís foron dignos da súa confianza. E o rei, que dixera si, dixo que quen sabe. E despois dixo non, e agora o seu fillo, herdeiro do trono, tamén di non. A negativa equivale a unha confesión. Negando o dereito de voto, Marrocos confesa que roubou un país. Seguirémolo aceptando, como se tal cousa? Aceptando que na democracia universal os súbditos só podemos exercer o dereito de obediencia? De que serviron as mil e unha resolucións das Nacións Unidas contra a ocupación israelí dos territorios palestinos? E as mil e unha resolucións contra o bloqueo de Cuba?

O vello proverbio insignia:

"A hipocrisía é o imposto que o vicio paga á virtude."

* * * * * * * * * * * * * * * * * * *

**O patriotismo é, hoxe por hoxe, un privilexio das nacións dominantes. Cando o practican as nacións dominadas, o patriotismo faise sospeitoso de populismo ou terrorismo, ou simplemente non merece a menor atención**. Os patriotas saharauís, que desde fai trinta anos loitan por recuperar o seu lugar no mundo, lograron o recoñecemento diplomático de oitenta e dous países. Entre eles, o meu país, o Uruguai, que recentemente sumouse á gran maioría dos países latinoamericanos e africanos. Pero Europa, non. **Ningún país europeo recoñeceu a República Saharauí. España, tampouco.** Este é un grave caso de irresponsabilidade, ou talvez de amnesia, ou polo menos de desamor. Ata fai trinta anos o Sahara era colonia de España, e España tiña o deber legal e moral de amparar a súa independencia. Que deixou alí o dominio imperial? Ao cabo dun século, en total, tres: un médico, un avogado e un perito mercantil. Iso deixou. E deixou unha traizón. España serviu en bandexa esa terra e esas xentes para que fosen devoradas polo reino de Marrocos. Desde entón, o Sahara é a última colonia de África. Usurpáronlle a independencia.

* * * * * * * * * * * * * * * * * * *

**Os campamentos de refuxiados, ao sur de Alxeria, están no máis deserto dos desertos. É unha vastísima nada, rodeada de nada, onde só medran as pedras**. E sen embargo, **nesas arideces**, e nas

→



dia_paz_sonia2.indd 17 10/05/11 12:26

zonas liberadas, que non son moito mellores, **os saharauís foron capaces de crear a sociedade máis aberta, e a menos machista, de todo o mundo musulmán**. Este milagre dos saharauís, que son moi pobres e moi poucos, non só se explica pola súa porfiada vontade de ser libres, que iso si que sobra neses lugares onde toda falta: tamén se explica, en gran medida, pola solidariedade internacional. E a maior parte da axuda provén dos pobos de España. A súa enerxía solidaria, memoria e fonte de dignidade, é moito máis poderosa que os vaivéns dos gobernos e os mesquiños cálculos das empresas.

Digo solidariedade, non caridade. A caridade humilla. Non se equivoca o proverbio africano que di:

"A man que recibe está sempre debaixo da man que dá."

Os saharauís esperan. Están condenados a pena de angustia perpetua e de sempreviva nostalxia. Os campamentos de refuxiados levan os nomes das súas cidades secuestradas, os seus perdidos lugares de encontro, as súas querenzas: El Aaiún, Smara...

Eles chámanse fillos das nubes, porque desde sempre perseguen a chuvia.

Desde fai máis de trinta anos perseguen, tamén, a xustiza, que no mundo do noso tempo parece máis esquiva que a auga no deserto.

Eduardo Galeano







dia_paz_sonia2.indd 18 10/05/11 12:26




**POWER POINT:**

*El conflicto del Sáhara*

*DVD adxunto*



dia_paz_sonia2.indd 19 10/05/11 12:26

## INFORMACIÓN, DEBATE E REDACCIÓN

O presidente **Barack Obama foi galardoado co Premio Nobel da Paz 2009** polas súas chamadas a reducir as existencias no mundo das armas nucleares e traballar pola paz mundial. Aínda que seguen fluíndo as mensaxes de felicitación ao presidente de Estados Unidos, tamén medra a **polémica en torno a se merecía ou non o Nobel da Paz, concedido máis pola "esperanza" que representa o seu liderado no mundo que por feitos concretos.**

**As cinco razóns que sosteñen o galardón:**

1. Apenas asumiu a presidencia, decidiu ordenar o peche do cárcere de Guantánamo.
2. Reduciu as sancións que pesan sobre Cuba.
3. Ordenou eliminar a tortura nos interrogatorios, que fora aceptada polo seu predecesor.
4. Reabriu o diálogo e busca unha solución para Oriente Próximo.
5. É o principal impulsor da redución dos arsenais nucleares.




- Neste retrato de Barack Obama, Ralph Ueltzhoeffer colocou unha secuencia de palabras, NEXT STEP [seguinte paso], que se reproduce nunha sucesión simétrica, simbolizando unha mensaxe repetitiva. Que querería expresar o artista con estas palabras sobreimpresas no rostro de Obama?
- Tendo en conta a información arriba sinalada e a mensaxe que se repite sobre o retrato de Obama, **redacta un texto** coa túa opinión neste debate da concesión do Premio Nobel da Paz a Obama.
- Hai formas de violencia diferentes as que se poden ver nos escenarios bélicos. O **Dalai Lama** di que "a paz ten que empezar no teu interior". Sabemos que hai **outras guerras** na vida cotiá, nos centros educativos, nas relacións persoais... Aporta ideas sobre a **solución pacífica de conflitos.**
- Ten sentido que nos centros escolares se traballe a Educación para a Paz e a non violencia? Ten sentido que na Guerra de Irak se prohibise ao profesorado amosar a súa negativa á guerra, nas aulas? Relaciona o seguinte cartel coa túa visión da paz.

**Video: *Entrevista a Ramón Pérez-Maura. Vicepresidente de Reporteros sin Fronteras***

**LUI XIAOBO, Premio Nobel da Paz 2010**






dia_paz_sonia2.indd 20 10/05/11 12:26

## Perspectiva diferente

Vinte e cinco autoras e corenta e dous artistas gráficos participaron nesta obra colectiva, onde textos e deseños dialogan para **superar os estereotipos actuais sobre mulleres e paz**, achegando unha perspectiva enriquecida e matizada do labor das mulleres máis alá da súa tradicional condición de vítimas. As súas achegas inciden na defensa dos dereitos humanos, a resolución dos conflitos, a xustiza, a educación ou a protección do medio ambiente, entre outras, permitíndonos fortalecer unha visión máis ampla do concepto de paz.

Esta publicación está **inspirada na Resolución 1325 do Consello de Seguridade de Nacións Unidas** que, dez anos despois da súa aprobación, aínda precisa dunha maior e mellor difusión para lograr a participación plena das mulleres nas tarefas de construción e mantemento da paz no mundo.

Este libro percorre as historias de vida ou descricións de setenta mulleres, algunhas coñecidas e outras anónimas, entre as que se encontran: **Bertha von Suttner, Cora Weiss, Rachel Corrie, Elizabeth Eidenbenz, Carla Do Ponche, Estela Barnes de Carlotto, Anna Politkóvskaya, Shirin Ebadi, Aung San Su Kyi, Marcela Lagarde, Rigoberta Menchú, Wangari Maathai, Arundhati Roy,** ou **Domitila Barrios**, entre outras.

Moitas destas mulleres loitaron polos que Eduardo Galeano chama *Los nadies*.

## Video: *Los nadies,* de Eduardo Galeano

http://www.youtube.com/watch?v=pEkyblfn6oo

*Los nadies:* los hijos de *nadie,* los dueños de nada. *Los nadies:* los ningunos... *Los nadies,* que cuestan menos que la bala que los mata...



**PDF:** lectura da **resolución 1325** do Consello de Seguridade de Nacións Unidas




Trata de recrear este libro buscando fotografías, ilustracións e datos sobre as mulleres mencionadas. Fai a montaxe dun panel informativo co resto dos teus compañeiros e compañeiras de clase. O traballo realizado pode ser empregado o Día da Muller para visibilizar mulleres das que, tal vez antes, o alumnado nunca escoitara falar. Coloca o panel nun lugar visible do centro para que a información chegue ao maior número de persoas posible.



dia_paz_sonia2.indd 21 10/05/11 12:26

dia_paz_sonia2.indd 22 10/05/11 12:26

# Outras propostas de actividades






dia_paz_sonia2.indd 23 10/05/11 12:26

1

## Cómic: *El fotógrafo*

de Didier Lefèvre e Emmanuel Guibert




### Obxectivos

- Coñecer o labor humanitario que realiza *Médicos Sen Fronteiras* en conflitos armados, campos de refuxiados e refuxiadas, situacións de emerxencias como catástrofes naturais ou grandes epidemias, etc.
- Achegarse á *linguaxe do cómic.*
- Resaltar o *poder do cómic para narrar historias reais.*
- Apreciar *novas formas de expresión artística* (combinación de fotos reais e debuxos).
- Entender *o conflito armado de Afganistán.*

### Desenvolvemento

1. Para entender o labor que desempeña Médicos Sen Fronteiras na sociedade sería preciso facer co alumnado un traballo previo de investigación sobre *organizacións non gobernamentais* (ONG), insistindo en que son entidades de carácter privado, con fins e obxectivos humanitarios e sociais definidos polas persoas que as integran. As ONG son independentes de gobernos locais, rexionais e nacionais, así como tamén de organismos internacionais.

## Documentais: Médicos Sen Fronteiras

Accións levadas a cabo entre 2007 e 2008

**Médicos Sen Fronteiras** [MSF] é unha organización non gobernamental fundada en Francia no 1971 por un grupo de profesionais da mediciña coa idea de que todo o mundo ten dereito a unha asistencia médica, independentemente da súa orixe social e do país onde vive. Foi galardoada co **Premio Nobel da Paz no 1999.**

MEDICOS SIN FRONTERAS






dia_paz_sonia2.indd 24 10/05/11 12:26

2. Sería interesante que o alumnado se iniciase na linguaxe do cómic aprendendo a interpretar correctamente *elementos da linguaxe visual,* para iso pode optarse por traballar en clase sobre contidos xa preparados polo profesorado, ou ben fomentar a autoaprendizaxe facendo que os alumnos e as alumnas aprendan a ampliar os seus coñecementos mediante consultas persoais a materiais ou a fontes axeitadas. O obxectivo desta fase do traballo sería adquirir as técnicas e destrezas necesarias para interpretar e elaborar comunicacións icónicas e icono-lingüísticas, como medio de transmisión de mensaxes, e valorar a súa incidencia na nosa sociedade.

3. Unha vez introducido o alumnado na linguaxe do cómic e fomentado o interese por este tipo de lectura, habería que traballar a partir dos cómics a necesidade de "repensar o mundo" para: eliminar as desigualdades entre os distintos seres humanos, acabar coas inxustizas, acabar cos conflitos… Pódense escoller varios cómics, ou centrarse nun.




**El juego de las golondrinas**

Zeina Abirached
Ediciones Sinsentido
2008

*Sobre as vivencias na guerra do Líbano*




**Me acuerdo**

Zeina Abirached
Ediciones Sinsentido
2009

*Sobre as vivencias na guerra do Líbano*




**Palestina: en la franja de Gaza**

Joe Sacco
Editorial Planeta Agostini
2009

*Sobre as vivencias no conflito de Palestina*

Proposta de traballo con **El fotógrafo,** cómic realizado polo fotógrafo Didier Lefèvre e polo debuxante Emmanuel Guibert.

4. O alumnado debería ler a obra en castelá e ver posteriormente un vídeo en inglés no que se explica como e porque se creou este cómic.

## Video: *The Photographer*

**O cómic narra a historia real de Lefèvre, que en 1986 acompañou a unha expedición de MSF a Afganistán en plena invasión rusa. O lector ou lectora poden achegarse a fotografías de paisaxes marabillosas, á convivencia entre distintas culturas, ás imaxes máis duras de morte e miseria, aos desgustos e alegrías da expedición,... nunha narración que combina a linguaxe fotográfica coa do cómic.**




***The Photographer* é un cómic e "algo máis", que nos fai pensar nun conflito que xa dura máis de 20 anos.**

## Temporalización

3 sesións



dia_paz_sonia2.indd 25 10/05/11 12:26

## Modalidade

Individual e grupal

## Áreas implicadas

Titoría

## Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Filosofía, ética e filosofía do dereito, educación para a cidadanía, historia: *dereitos humanos, política internacional e conflitos bélicos.*

Historia da arte: *A denuncia social a través da cómic: guerra, desigualdade…*

Debuxo: *O cómic como medio de expresión artística e ideolóxica.*

Ámbito sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular): *O mundo do cómic e a súa contribución a unha cultura de paz.*

Inglés: *The making of a graphic novel.*

## Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia social e cidadá.



dia_paz_sonia2.indd 26 10/05/11 12:26

# 2 Facerse visible no contorno: *debuxa a túa paz nas rúas*

## Obxectivos

- Comprender a *necesidade de consumir cultura.*
- Aprender a ver o *poder de transmisión de ideas* que ten a arte.
- Entender o *uso da arte* pola cultura, política, economía.
- Empregar as *creacións artísticas como vía de denuncia dos problemas sociais.*

## Desenvolvemento

1. *A paz ten varias facetas,* relacionadas todas elas cos dereitos humanos. Falar de *non discriminación,* de *igualdade,* de *xustiza,* de *non violencia,* de *tolerancia,* de *respecto á dignidade humana…*, é falar de paz. Todos estes temas poden ser abordados desde varios contextos de aprendizaxe ao longo e ancho do sistema educativo.

2. O contexto artístico sempre é un ambiente atraínte para poder "repensar" e "aprender a ver" problemáticas sociais que non por manidas están solucionadas.

3. *A guerra* segue sendo un problema da nosa sociedade actual, e as persoas responsables de que un pobo viva en paz, de que sexa xusto, libre, seguro e próspero, son as e os políticos que forman o goberno, pero tamén aqueles e aquelas que están na oposición, pois ambas as dúas partes, cos seus acertos ou erros, poden manter a paz ou fomentar a violencia. Pero fronte a esta realidade a cidadanía pode ser "activista" e levar a cabo pequenas accións que sumadas unhas a outras constituirán un motor de cambio.

> *"Nunca dubidedes de que un pequeno grupo de cidadáns reflexivos e comprometidos poden cambiar o mundo; de feito sempre ocorreu así."*
>
> Margaret Mead

4. A cita da antropóloga Margaret Mead pode ser o punto de partida dun debate na clase sobre o *activismo,* para pasar seguidamente a analizar algún modelo de acción social.









dia_paz_sonia2.indd 27 10/05/11 12:26

Aaron Hughes, un estudante norteamericano da Universidade de Illinois (EEUU), abandonou os seus estudos en 2003 para combater en Iraq. Volveu ao seu país no 2004.

*"Eu só esperaba poder axudar ao pobo iraquí, e que os meus compañeiros soldados fosen respectados como seres humanos polo exército. Despois dun ano e tres meses alí, esa esperanza fíxose anacos. Decateime de que a miña arma apuntaba aos que pasaban fame e eu era o seu opresor".*







No 2005 retomou os seus estudos de arte e converteu a pintura na súa forma de loitar contra a guerra. Conxuga arte e activismo nunha linguaxe que o fai presente no espazo público dun xeito especial. Os espazos non só están aí senón que son soporte dunhas mensaxes que van constantemente do privado ao social. Creou *Drawing for Peace* e desde ese espazo na rede anima a que participemos no proxecto "Mensaxes Públicas" creando mensaxes visuais de paz en espazos públicos dirixidos ao público en xeral. As pinturas non deben ser permanentes, senón recursos momentáneos para a reflexión en medio da elaboración cotiá da paz. A viaxe de Aaron Hughes desde a guerra á paz transmite a esperanza de que *"outro mundo"* é posible.

5. Participar no proxecto de Aaron Hughes creando "Mensaxes Públicas" é algo que se pode levar a cabo se logramos implicar ao alumnado, profesorado e comunidade. Para isto debemos seguir este proceso:

   a. Pensar acerca da paz.
   b. Encontrar un espazo público para transmitir unha mensaxe de paz.
   c. Facer un debuxo da paz nese espazo con xiz.
   d. Sacar fotografías do proceso de elaboración do debuxo.
   e. Enviar a documentación co nome dos autores e autoras, e a situación do debuxo a:

      Aarhughes@gmail.com ou a:
      Drawing for Peace
      c/o Aaron Hughes
      2541 Fontana Dr.
      Glenview, IL 60025

   f. Colgar os debuxos da paz en **Drawingforpeace.org**

6. Sería interesante que o alumnado coñecese os movementos activistas da súa cidade, se achegase ao tipo de traballo que desenvolven e valorase o feito de colaborar cos mesmos. Investigar sobre o *movemento zebra* que comeza en Vigo a principios de agosto de 2009 podería ser unha forma de empezar. *Zebrarte,* fai reivindicación social nos pasos de cebra.

## ZEBRARTE | ARTE URBANA

**Un colectivo de xoves plasma sobre os pasos de cebra frases célebres para facer pensar á peóns**

LaVozdeGalicia.es
David Suárez
9/10/2009

Ollar á esquerda, á dereita e agora tamén ao chan. Máis de sesenta pasos de peóns de Vigo xa foron decorados polo colectivo Zebrarte con frases célebres de figuras históricas. Con mensaxes como o «non hai camiño cara á liberdade, a liberdade é o camiño», de Gandhi, este grupo de mozos e mozas intentan que os e as viandantes aproveiten o tempo de espera para pensar.

A idea levaba tempo madurándose nas cabezas deste grupo de amigos e amigas aínda que non o tiñan nada claro ata que se lles ocorreu usar os pasos de peóns como fondo. «Gustounos a idea porque son lugares por onde pasa moita xente e ademais porque mentres esperas para cruzar dá tempo a velo e a pensar», explica Juanjo, un dos membros de Zebrarte.

A mediados de verán puxéronse mans á obra e fixeron a primeira proba, aínda sen stencils (patróns), no barrio de Coia. A frase escollida foi unha de Albert Einstein: «Non sei como será a terceira guerra mundial, só sei que a cuarta será con pedras e lanzas». Visto o resultado decidiron seguir adiante e ampliar horizontes. Imprimiron as seis primeiras frases e recortaron cunha coitela as letras para usalas como patróns. Son grandes e fáciles de colocar, conseguindo en cuestión de segundos deixar a súa mensaxe no paso de peóns. Normalmente saen polas noites a «zebrear», como eles bautizárono. Gústalles colocar as súas frases en lugares moi frecuentados polo que a velocidade é clave nas súas aventuras nocturnas.




Los miembros del colectivo Zebrarte han creado plantillas con seis pensamientos diferentes que han repetido por más de cincuenta pasos de cebra de la ciudad, principalmente en el centro

Como son frases que fan pensar tomaron a cautela de pintalas unicamente nas primeiras franxas brancas dos pasos de peóns. «Non queremos que ninguén se quede parado no medio da estrada lendo e o atropelen pola nosa culpa». Por iso, insisten en que son mensaxes que se deben ler desde a beirarrúa para, de paso, amenizar a espera.

**Requisitos**

Nos próximos días teñen previsto saír a rúa con novas mensaxes. Xa teñen preparados seis novos patróns para facer reflexionar á cidadanía viguesa. As frases non son un problema porque entre todos e todas xa localizaron a través de Internet máis dunha trintena que cumpren os seus requisitos. «Son mensaxes que non teñen ningún propósito máis alá de facer reflexionar aos e ás viandantes con conceptos moi sinxelos, que levándose a cabo farían moito máis fácil a vida de todo o mundo», explican os e as compoñentes do colectivo. Trátase de frases que non molestan nin ofenden a ninguén e que non teñen ningún matiz de carácter relixioso ou ideolóxico.

**Unha iniciativa que se exportará a Madrid e podería chegar a Londres**

O que empezou sendo unha maneira de divertirse dun grupo de amigos e amigas foi gañando dimensión co paso das semanas. Tras comprobar en plena rúa a boa aceptación das súas frases, Zebrarte creou a súa propia páxina Web. O seu espazo na rede rexistrou tamén un número importante de visitas desde varios puntos de España e incluso algunhas desde países como Holanda, Brasil ou México.

Grazas a Internet contactaron con eles un grupo de madrileños que queren comezar a «zebrear» na súa cidade. O colectivo vigués xa lles mandou os seus modelos e as seis frases que xa se poden ver en Vigo, probablemente comecen a expandirse por Madrid nas próximas semanas. É algo que lles fai especial ilusión porque desde que comezaron co proxecto sempre soñaran con que outra xente se animase a continuar co movemento fóra de Vigo.

O próximo obxectivo será Londres. Un dos membros do colectivo vigués mudouse á capital inglesa e os seus compañeiros xa están planeando a estratexia para plasmar no mítico paso de peóns de Abbey Road unha das súas frases en inglés. «Alí teremos que andar con coidado porque din que os bobbies non se andan con "chiquitas" e aínda imos a acabar entre reixas», bromean o resto de membros de Zebrarte.

7. Para desenvolver o pensamento crítico do alumnado , podería organizarse un debate en torno *a postura dos gobernos con respecto á fabricación de armas e o control da súa exportación. Industria armamentística e paz son compatibles?*



dia_paz_sonia2.indd 30 10/05/11 12:26

8. Nas áreas de física, química e bioloxía se podería traballar cun bloque temático *A dobre cara da ciencia: progreso ou destrución*, partindo do seguinte texto:





> "Con frecuencia, a xente me pregunta se sinto remordementos polo sufrimento humano que causan os ataques cos AK-47. Explícolles que deseñei esa arma para defender á patria rusa dos seus inimigos. Por suposto que me entristece e síntome frustrado cando vexo que utilizan a miña arma en escaramuzas armadas e tamén cando as vexo en guerras depredadoras e usadas para fins terroristas e criminais. Sen embargo, en última instancia, non son os deseñadores os que deben asumir a responsabilidade sobre a onde van parar finalmente as armas: son os gobernos os que deben controlar a súa produción e a súa exportación."
>
> Xeneral Kalashnikov, inventor do fusil de asalto AK-47

## Temporalización

4 horas

## Modalidade

Grupal

## Área implicada

Debuxo

## Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Música e educación física: posta en escena do **obradoiro** *"Mensaxes Públicas".*

Lingua galega: *Visibilizando o traballo das mulleres e dos homes activistas galegos en favor da paz.*

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), filosofía e ciencias sociais: *A arte de como elemento cuestionador da realidade e instrumento de reflexión.*

Economía: *Defensa: O lastre económico dos estados e o custo de vidas humanas.*

Matemáticas: *Análise da violencia en cifras e propostas de solución dende unha perspectiva de paz (mortes, violacións, persoas feridas, persoas sen fogar…).*

## Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Competencia matemática.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.



dia_paz_sonia2.indd 31 10/05/11 12:26

# 3 Estudo: *a violencia contra as mulleres en diferentes contextos*

## Obxectivos

- Mostrar situacións de *violencia física, psíquica e sexual contra as mulleres,* descoñecidas para unha boa parte do alumnado, co fin de encontrar os motivos polos que se atenta de xeito impune contra a dignidade dun ser humano e non se respecta o principio de igualdade entre os homes e as mulleres recollido na Declaración dos Dereitos Humanos.
- Coñecer a *Declaración para a eliminación da violencia contra as mulleres* (ONU 20-12-1993).
- Sensibilizar ao alumnado sobre *a importancia de loitar contra todo tipo de violencia* e de xeito particular contra a violencia exercida sobre as mulleres.
- Iniciarse no manexo de estudos científicos sobre o temperamento de homes e mulleres: está determinado polo sexo ou inflúen factores culturais e sociais? (Estudo da antropóloga Margaret Mead: *Sexo e temperamento en tres sociedades primitivas.)*

## Desenvolvemento

1. O tema da *violencia contra as mulleres* está moi presente en todas as situacións bélicas do mundo, pero hai veces que esta violencia non se produce nun escenario de guerra, senón noutros contextos da vida cotiá. Por que se dá esta problemática? Como podemos loitar para erradicala? Partindo destes dous interrogantes poderíase guiar na clase un proceso de reflexión, debate e posición do alumnado fronte a este problema social.
2. Para aclarar os problemas é necesario manexar información e saber extraer datos de diferentes fontes, polo que no caso da violencia contra as mulleres poden ser de interese para traballar na aula os seguintes documentos:

   Primeiro documento de análise: Lectura ***Natalia a nena soldado***

### Declaracións de Natalia aos 16 anos

**Nena soldado** de Kivu Meridional (República Democrática do Congo) recrutada pola guerrilla cando tiña 12 anos

*«Vivía na miña aldea coa miña nai e os meus irmáns e irmás. Un día os mayi-mayi atacaron a nosa aldea. Os soldados roubaron todo o que tiñamos. Uns días máis tarde, a aldea volveu ser atacada pola guerrilla, que nos acusou de colaborar cos mayi-mayi e proporcionarlles comida. Presenciei como os soldados mataban a moitos dos meus familiares da aldea e violaban ás miñas dúas irmás e á miña nai. Estaba agochada, pero vin cantos soldados violaban ás miñas irmás e á miña nai. Estaba asustada e pensei que se me alistaba no exército estaría protexida. Quería defenderme. Unha vez no exército, aprendín a levar e a utilizar un fusil e fixen gardas nocturnas e diúrnas. Era horrible porque eu só tiña 12 anos e os outros soldados a miúdo mallábanme e violábanme durante a noite. Un día, un comandante quería converterme na súa esposa*



dia_paz_sonia2.indd 32 10/05/11 12:26

*e intentei escapar. Capturáronme, azoutáronme e violáronme durante moitos días. Tiven un fillo cando só tiña 14 anos. Nin sequera sei quen é o seu pai. Volvín fuxir e desta vez conseguín escapar. Pero hoxe non teño onde ir, nin comida para o bebé e temo volver a casa porque fun soldado».*

Para ampliar máis esta información consultar a entrevista a Chima Keitetsi
"Niña, soldado y esclava a los ocho años"
www.elpais.com 13-02-2008

**WORD:** *Niña, soldado y esclava a los ocho años*

Cada alumno e alumna podería redactar un texto no que recollesen como se imaxinan a volta á vida normal dun neno e dunha nena soldados: **Regreso a unha normalidade esquecida.**

É necesario explicar previamente que "*as nenas, das que se fala menos supoñen ás veces entre o 30% e o 40% dos efectivos do grupo e a súa reinserción é moito máis complicada. Utilizadas, sobre todo, como obxectos sexuais, son estigmatizadas pola súa propia comunidade e, cando regresan embarazadas a consecuencia das violacións, fan a metade de ruído que os nenos polo baixo grao de aceptación da súa sociedade. Isto supón un obstáculo importante á hora de recoller información acerca destas actividades. Ao volver tan discretamente, as ONG non poden rexistrar os seus casos, que axilizarían o proceso para desenmascarar aos responsables destas operacións desprezables que se estenden por toda a xeografía mundial*". [Isabel Rodríguez. elmundo.es AULA. 07-02-2008]

Segundo documento de análise:

## Película: *La ciudad del silencio* de Gregory Nava

O filme baséase nuns acontecementos reais: as desaparicións e morte de centenares e centenares de mulleres na localidade mexicana de Ciudad Juárez, fronteiriza cos Estados Unidos. Desde fai varios anos prodúcese un constante goteo de mulleres mortas que aparecen con arrepiantes signos de violencia nos seus corpos.




Terceiro documento de análise:

## Curta: *Submission* de Theo vanGogh

A curta custoulle a vida a Theo van Gogh que, baseándose no guión da deputada liberal holandesa Ayaan Hirsi Ali, de orixe somalí e ameazada de morte, denuncia a opresión da muller na relixión musulmá.






dia_paz_sonia2.indd 33 10/05/11 12:26

3. Completar o seguinte cadro de datos.

| DOCUMENTOS | QUE PON DE MANIFESTO O MATERIAL CONSULTADO | ONDE SUCEDEN OS FEITOS | POR QUE SUCEDEN | QUE MEDIDAS SE TOMAN | QUE SE PODERÍA FACER PARA EVITAR A SITUACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| *Natalia a nena soldado de Kivu* | | | | | |
| *La ciudad del silencio* | | | | | |
| *Submission* | | | | | |
| Outro documento proposto pola clase | | | | | |
| Outro documento proposto pola clase | | | | | |
| | | | | | |

Cuarto documento de análise: Lectura

**WORD:** *Declaración para a eliminación da violencia contra a muller* (ONU 20-12-1993).

Quinto documento de análise: Lectura

*Os datos que reunimos indícannos que a maioría dos trazos de personalidade que en occidente consideramos masculinos ou femininos, están unidos ao sexo biolóxico de xeito tan laxo como pódeno estar a vestimenta, os modais ou o peiteado asignado a cada sexo, segundo a sociedade e a época. […] Non ten sentido acudir a outros factores (a dieta, a raza ou a selección natural) para explicar estas diferenzas, de xeito que nos vemos obrigados a concluír que a natureza humana é incriblemente moldeable e confórmase de xeitos moi diferentes dependendo das condicións culturais vixentes. […]*

Extracto do estudo da antropóloga Margaret Mead. Pódese ampliar a lectura en:

**WORD:** *Sexo y temperamento en tres sociedades primitivas*



dia_paz_sonia2.indd 34 10/05/11 12:26

4. Organizar as ideas e realizar un traballo de síntese cumprimentando os seguintes apartados:
   - cal foi o tema de estudo
   - que materiais se empregaron para extraer información
   - fichas informativas de cada material: que é, para que serve, consegue motivar, que ensina
   - conclusións ás que se chega despois de traballar o tema
   - propostas de acción: individualmente, na casa, no centro educativo, no contorno social

## Temporalización

8 horas

## Modalidade

Individual

Grupal

## Áreas implicadas

Filosofía

Antropoloxía

Ciencias sociais

## Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular): *Por que os homes sofren case a metade da violencia que as mulleres?*

Debuxo: *Arte, cine e denuncia social*

Informática: *Tratamento de texto para realizar traballos e crear documentos*

## Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.



dia_paz_sonia2.indd 35 10/05/11 12:26

# Para rematar

## Vídeo: *Give Pace a chance* – John Lennon



Letra en versión inglesa e castelá no DVD de materiais



dia_paz_sonia2.indd 36 10/05/11 12:26

dia_paz_sonia2.indd 37 10/05/11 12:26